

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1111CP	<i>Expediente</i> CON/39/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2017 e nadal 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 167.600,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 17 de outubro 2017, ás 9:05 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Branca Novo Rey.

Vogais:

- D. Xan Duro Fernández, representante do grupo CA.
- Dª. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- Dª. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	05-10-2017	44.386	B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.
2	06-10-2017	44.544	B36351484 CREACIONES LUMINOSAS S.L.

**Proposición recibida por correo*

Convócase a presente reunión da mesa para dar cumprimento o requerimento recollido no apartado 10.3 do prego de aplicación sobre o nomeamento do comité de expertos ós que lles corresponderá realizar a avaliación das ofertas.

A estes efectos, preséntase proposta da concellería de acción cultural, aceptándose pola mesa os nomes que se enumeran a continuación, e propoñendo, en consecuencia, o seu nomeamento definitivo pola Xunta de Goberno Local:

- . Lucía Castro López, técnica de comercio.
- . Juan Morales Herrero, arquitecto.
- . Pedro Ramón Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico.
- . Montserrat Cillero Montes, xefa do negociado de festas.

Unha vez adoptado este acordo, publicarase no perfil do contratante antes da apertura do sobre nº 1.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



Documento	Expediente	Fecha
CMG1111YJ		19-10-17 08:42

Número 2.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao nomeamento do comité de expertos para a avaliación das ofertas da licitación do subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas, espazos públicos do Casco Histórico, Ensanche e parroquias de Santiago durante as festas de Nadal 2017 e 2018.

Destinatario

15078DCMG1111YJ8



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 18 de outubro de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 2 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN CULTURAL RELATIVA AO NOMEAMENTO DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A AVALIACIÓN DAS OFERTAS DA LICITACIÓN DO SUBMINISTRO DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TEMPORAIS PARA ALUMEADOS FESTIVOS DAS RÚAS, PRAZAS, ESPAZOS PÚBLICOS DO CASCO HISTÓRICO, ENSANCHE E PARROQUIAS DE SANTIAGO DURANTE AS FESTAS DE NADAL 2017 E 2018.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da Acta da 1ª reunión da mesa de contratación da licitación do "Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2017 e Nadal 2018", celebrada o día 17 de outubro de 2017.

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Nomear o comité de expertos para a avaliación das ofertas da licitación do "Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2017 e Nadal 2018", que está constituído por:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111YJ	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-10-17 08:42

- Dona Lucía Castro López, técnica de comercio.
- Don Juan Morales Herrero, arquitecto.
- Don Pedro Ramón Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico.
- Dona Montserrat Cillero Montes, xefa do negociado de Festas.

Este acordo publicarase no perfil do contratante antes da apertura do sobre nº 1.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1111CP	<i>Expediente</i> CON/39/2017	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2017 e nadal 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 167.600 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de outubro de 2017, ás 9.45 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: D. Branca Novo Rey.

Vogais: D^a Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.
D^a María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Xesús Manuel Amado Reino, Técnico dpto Cultura e Festas
D^a Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes da empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS.


A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.

A continuación procédese á apertura pública dos sobres que conteñen ás propostas de actuación dos licitadores, ofrecéndoselles a todos os asistentes para o seu exame e comprobación.


A mesa acorda o traslado desta documentación ó comite de expertos nomeado en sesión da xunta de goberno local de 18 de outubro, ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador segundo ós criterios de adjudicación recollidos no prego.

Ás 10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON1111CP	Expediente CON/39/2017	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2017 e nadal 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 167.600 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de outubro de 2017, ás 10.10 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: D^a Branca Novo Rei.

Vogais:

- D. Xan Duro, representante do grupo CA.
- D^a. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
- D^a. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.


No referido informe reflíctese un incumprimento, por parte da empresa CREACIONES LUMINOSAS SL, das condicións do prego técnico de aplicación, que na súa cláusula 2.6 esixe que cada licitador deberá propoñer cando menos dúas opcións de decoración diferentes para cada unha das rúas e lugares obxecto do contrato, de tal xeito que a referida empresa presenta tan só unha proposta por rúa. A mesa considera unanimemente este incumprimento como excluínte e polo tanto acorda non aceptar a proposta presentada.

En consecuencia, e finalmente, **ACÓRDASE:**

Trasladar á Concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL, única proposta admitida neste procedemento, que oferta subministrar os ben en réxime de aluguer por un importe total de **167.600 euros IVE** aparte para os dous anos de contrato, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO	
<i>Documento</i> CON1111CP	<i>Expediente</i> CON/39/2017



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2017 e nadal 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 167.600 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 7 de novembro de 2017, ás 9.30 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: D^a. Branca Novo Rey.

Vogais:


- D^a. Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D^a Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

As 9.40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



INFORME DE VALORACIÓN DO COMITÉ DE EXPERTOS

O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ALUGUER DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TEMPORAIS PARA ALUMEADOS FESTIVOS DAS RÚAS, PRAZAS E ESPAZOS PÚBLICOS DO CASCO HISTÓRICO, DO ENSANCHE E DAS PARROQUIAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE AS FESTAS DE NADAL 2017 E 2018 no punto 10.3 establece:

“De conformidade co artigo 150 do TRLCSP, dado que neste procedemento atribúese a totalidade da puntuación aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor constituirase un comité de que contará cun mínimo de tres membros, formado por expertos non integrados no órgano propoñente do contrato e con cualificación apropiada, ao que lle corresponderá realizar a avaliación das ofertas.

De conformidade co artigo 29.3 do RD 817/2009, do 8 de maio, a designación do Comité realizarase previa proposta polo servizo municipal competente á mesa de contratación, que a remitirá ao órgano de contratación para o seu nomeamento. Esta resolución publicarase no perfil do contratante con anterioridade á apertura do sobre nº 1 e cualificación da documentación administrativa”.

Na xuntanza extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de outubro de 2017 foron nomeados como integrantes do comité de expertos

- Lucía Castro López, técnica de Comercio
- Juan Morales Herrero, arquitecto
- Pedro Ramón Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico
- M^a Montserrat Cillero Montes, xefa do negociado de Acción Cultural

que reunidos o día 20 de outubro emiten o seguinte

INFORME

Propostas presentadas:

- CREACIONES LUMINOSAS SL (ELECTROMIÑO)
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL

O punto 10.1 do prego establece os criterios de adxudicación que han de servir para as valoracións das propostas e son os seguintes:

A. MEMORIA DESCRIPTIVA DAS INSTALACIÓNS DA ILUMINACIÓN (máximo 50 puntos)

Conterá unha descrición detallada das instalacións que se van subministrar coa especificación dos motivos ornamentais, a súa tipoloxía e dimensións, a análise do funcionamento e a información sobre o consumo enerxético, con indicación do consumo enerxético total previsto, os procedementos de colocación, a iluminación de árbores, elementos en 3D, etc. Incluirá fotomontaxes de todos os elementos e desenvolverá os seguintes aspectos:

A.1 Deseño: orixinalidade e adecuación de motivos ao obxecto que se licita (avaliables ata un máximo de 30 puntos)

Neste punto, aínda que o apartado 2.6 do prego técnico relativo ó proxecto decorativo, establece que cada licitador deberá de propoñer cando menos dúas opcións de decoración diferentes para cada unha das rúas e lugares obxecto do contrato, a empresa CREACIONES LUMINOSAS SL presenta unha soa proposta por rúa. Este comité considera que é unha cuestión que debe ser valorada pola Mesa de Contratación.

A empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL presenta dúas opcións por rúa ou espazo. Este comité de expertos valora e puntúa a OPCIÓN A xa que a segunda opción resolveuse cos mesmos elementos variando a súa localización.

Para proceder á valoración, este comité acorda dividir o apartado en dous subapartados. Por unha banda a orixinalidade e por outra a adecuación de motivos ao obxecto que se licita, avaliables cada un dos subapartados ata un máximo de 15 puntos. De tal xeito que a suma das puntuacións obtidas en ámbolos dous subapartados reflecta a puntuación total obtida.

Valóranse cada un dos modelos ou motivos luminosos presentados polas empresas licitadoras outorgando tres posibles puntuacións, sen graduación intermedia, a cada un dos modelos e para cada subapartado: 0 puntos, 7.5 puntos e 15 puntos. Realizada a suma das puntuacións, obtense a puntuación media, mediante a división da puntuación total entre o número de modelos ou motivos valorados.

O comité acorda non valorar aqueles elementos ou motivos luminosos que figuran como obrigatorios no prego (por exemplo, os teitos de led, o perfilado de edificios municipais ou a iluminación das árbores existentes nos espazos esixidos no prego).

Trala valoración e realizadas as operacións indicadas anteriormente, a puntuación neste punto queda como segue (véxase Anexo I do informe coas puntuacións pormenorizadas por elemento):

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....15,4 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....16,8 puntos

A.3 Calidade da información gráfica da oferta (avaliables ata un máximo de 3 puntos)

Dentro deste criterio, o comité acorda analizar os seguintes aspectos avaliáveis con 1,5 puntos cada un deles:

- presentación, definición, calidade e veracidade das montaxes propostas
- distribución dos apartados e calidade da información

Aínda que non hai moita diferenza no primeiro punto entre as dúas propostas presentadas si se aprecia que a empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL adapta as montaxes fotográficas ás rúas de Santiago mentres que CREACIONES LUMINOSAS SL inserta as propostas en rúas e prazas doutras cidades.

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....0,5 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....1,5 puntos

En canto á distribución dos apartados e a calidade da información resulta máis coherente e de mellor calidade a da empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL polo que a puntuación deste aspecto queda como segue:

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....0,5 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....1 punto

Polo tanto a puntuación final no apartado A3:

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....1 punto
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....2,5 puntos

B. MEMORIA DESCRIPTIVA DA ORGANIZACIÓN DO SERVIZO (máximo 15 puntos)

Explicará as bases do programa de traballo e describirá os procesos de execución das principais actividades no tocante á súa planificación na cidade e aos prazos de tempo previstos en coherencia cos medios propostos. Tamén conterá o organigrama de medios humanos e organización e lóxística de medios materiais necesarios para executar os traballos, así como a descrición do proceso de implantación concreta das instalacións na cidade. Esta memoria desenvolverá os seguintes aspectos:

B.1 Memoria descritiva do proceso de execución e, no seu caso, das súas fases, nun máximo de 10 páxinas (avaliable ata un máximo de 4 puntos)

- CREACIONES LUMINOSAS SL realiza unha descrición literaria das fases sen demasiada concreción técnica. Moí sinxelo e escaso.
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL define as fases e os elementos exhaustivamente facendo mención á normativa á que se ten que adaptar e á súa aplicación facendo unha memoria técnica do traballo a realizar.

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....1,5 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....4 puntos

B.2 Plan básico de traballo nun máximo de 2 páxinas (avaliable ata un máximo de 2 puntos)

A empresa CREACIONES LUMINOSAS SL non presenta o plan de traballo

A empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL presenta un cronograma detallado de zonas, equipos, número de traballadores, temporización e planificación.

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....0 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....2 puntos

B.3 Organigrama de medios humanos nun máximo de 2 páxinas (avaliable ata un máximo de 2 puntos)

A empresa CREACIONES LUMINOSAS SL presenta un organigrama inacabado e incompleto aínda que noutro apartado describe cinco equipos.

A empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL presenta un esquema de medios humanos.

Se considera que a puntuación a outorgar neste apartado é a seguinte:

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....1,5 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....1,5 puntos

B.4 Organización de medios materiais e loxística das operacións de montaxe e desmontaxe nun máximo de 4 páxinas (avaliable ata un máximo de 4 puntos)

A empresa CREACIONES LUMINOSAS SL describe os medios materiais cos que conta para realizar os traballos.

A empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL describe a localización do taller destacando a proximidade coa cidade de Santiago así coma unha enumeración dos vehículos que conforman o parque móbil.

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....3 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....2 puntos

B.5 Implantación concreta das instalacións na cidade, barrios e parroquias coa descrición da problemática asociada e as solucións tendentes a minguar as afeccións á cidadanía e aos servizos urbanos nun máximo de 10 páxinas (avaliables ata un máximo de 3 puntos)

Neste apartado a empresa CREACIONES LUMINOSAS SL a pesares que no prego se establece claramente que a instalación e traballos serán realizados preferiblemente en horario nocturno sinala que os traballos serán realizados durante o día.

A empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL distingue por zonas, horarios escolares, días da semana, cita a coordinación necesaria coa policía local e parece coñecer perfectamente a problemática asociada ós distintos lugares de instalación.

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....0 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....3 puntos

C. Proposta de ampliación de motivos ornamentais con relación ás cantidades e localizacións mínimas indicadas no prego de prescricións técnicas (avaliáveis ata un máximo de 35 puntos).

Proposta detallada de melloras con relación ás dotacións mínimas de motivos esixidas no prego para cada unha das diferentes tipoloxías e motivos. Valorarase o número, deseño, orixinalidade e tamaño dos diferentes motivos: arcos ou arcadas, motivos de farolas, teitos de led, ornamentación lumínica en rotondas, árbores, motivos singulares de gran formato ou decoracións 3D.

C.1 Arcos transversais (máx. 10 puntos)

Neste apartado se outorgan os 10 puntos á empresa que presente maior número de elementos e á outra a puntuación que resulte proporcionalmente:

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....18 arcos transversais.....7,78 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....14 arcos transversais..... 10 puntos

C.2 Motivos de farola (máx. 5 puntos)

Neste apartado se outorgan os 5 puntos á empresa que presente maior número de elementos e á outra a puntuación que resulte proporcionalmente:

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....10 motivos.....5 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL..... 8 motivos.....4 puntos

C.3 Árbores iluminadas (máx. 5 puntos) + C.5 Decoracións 3D (máx. 5 puntos)

Se decide unificar estes dous apartados e totalizar en 10 puntos a puntuación máxima a obter. A falta de concreción no prego a hora de qué entender por árbores iluminadas (se iluminación de árbores existentes ou elementos en forma de árbore iluminada) ou por decoracións en 3D, leva a situacións en que un mesmo elemento pode ser considerado ámbalas dúas cousas; de aí a decisión de unificar ámbolos dous apartados cunha puntuación máxima de 10 puntos.

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....9 elementos.....5,62 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....16 elementos.....10 puntos

C.4 Elementos singulares de gran formato (máx. 10 puntos).

Ante a falta de concreción no prego de qué entender por elemento de gran formato (medidas ou dimensións mínimas), o comité acorda incluír os posibles motivos luminosos dentro do apartado anterior, coma decoracións 3D, xa que, igual que no caso anterior, se atopan situacións en que os elementos poderían ser encadrados nunha ou outra categoría. De aí a decisión tomada de unificar o criterio e incluír os elementos dentro da valoración de decoracións 3D.

Totalizamos a puntuación relativa ó punto C relativa ás melloras:

- CREACIONES LUMINOSAS SL.....18,4 puntos
- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.....24 puntos

Os apartados A2 e A4 referidos á calidade técnica das instalacións, dotación e eficiencia de motivos luminosos e medidas complementarias de eficiencia enerxética respectivamente son avaliados no informe realizado polo enxeñeiro técnico industrial municipal. A puntuación resultante engádesse ó quadro nos apartados correspondentes.
 Polo tanto, o quadro final das puntuacións seguindo os subapartados que aparecen no prego administrativo queda reflectido a continuación:

EMPRESAS	A1	A2	A3	A4	B1	B2	B3	B4	B5	C1	C2	C3+C5	C4	TOTAL
Creaciones Luminosas SL	15,4	3	1	0	1,5	0	1,5	3	0	7,7	5	5,6	0	43,7
Iluminaciones Santiaguesas SL	16,8	6	2,5	1	4	2	1,5	2	3	10	4	10	0	62,8

Tal e como permite a cláusula 20 do prego administrativo referida á execución do contrato será preciso nomear un responsable da vixilancia do cumprimento do contrato (enxeñeiro municipal ou externo) que supervise a execución do mesmo, comprobando que a súa realización está axustada ao establecido no contrato e que as tarefas de montaxe e as instalacións cumpren con todas as esixencias técnicas e de seguridade de aplicación.


Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017



Lucía Castro López



Juan Morales Herreros



M^a Montserrat Cillero Montes

Anexo I

CADRO DE PUNTUACIÓNS PORMENORIZADAS DO APARTADO A.1 (Deseño: orixinalidade e adecuación de motivos ao obxecto que se licita)

CREACIONES LUMINOSAS SL

MODELO	ORIXINALIDADE Valor máximo 15	ADECUACIÓN Valor máximo 15
N120	15	7,5
N127	0	7,5
N132	15	7,5
N257	7,5	7,5
N287	0	7,5
N319	15	7,5
N376	15	7,5
A110	0	7,5
A111	0	7,5
N012014-250	7,5	7,5
N253	0	7,5
N304	7,5	7,5
N315	15	7,5
N336-3-3	7,5	15
N385	0	7,5
N121	15	7,5
TOTAL	120 / 16 = 7.5 puntos	127,5 / 16 = 7.9 puntos

Número de modelos valorados: 16

- Orixinalidade.....7,5 puntos
- Adecuación ó obxecto que se licita.....7,9 puntos

TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A1: 15,4

ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL

MODELO	ORIXINALIDADE	ADECUACIÓN
Modelo 1	15	7,5
Modelo 2	7,5	15
Modelo 3	0	7,5
Modelo 4	15	15
Modelo 5	0	7,5
Modelo 6	15	15
Modelo 7	15	7,5
Modelo 8	0	7,5
Modelo 9	0	7,5
Modelo 10	15	15
Modelo 11	0	7,5
Modelo 12	15	7,5
Modelo 13	(é o Modelo 10)	
Modelo 14	0	0
Modelo 15	7,5	0
Modelo 16	15	15
Modelo 17	0	7,5
Modelo 18	15	15
Modelo 19	7,5	7,5
Modelo 20	15	15
Modelo 21	7,5	7,5
Modelo 22	0	7,5
Modelo 23	15	7,5
Modelo 24	Obrigatorio no prego	Teitos de led
Modelo 25	Obrigatorio no prego	Iluminación árbores
26 e 27	Obrigatorio no prego	Perfilado edificios
Modelo 28	0	7,5
Modelo 33	7,5	7,5
TOTAL	187,5 / 24 = 7,81 puntos	217,5 /24 = 9,06 puntos

Número de modelos valorados: 24

- Orixinalidade.....7,81 puntos
- Adecuación ó obxecto que se licita.....9,06 puntos

TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A1: 16,87 puntos

Negociado de contratación de obras e Servicios

Expediente: CON/39/2017

Asunto: Informe técnico ofertas alumeados Navideño 2.017-2.018

Solicitásemme informe técnico sobre os apartados A.2 e A.4 , incluídos no artigo 10 (Procedemento de adxudicación) , apartado 10.1.1 (Criterios de adxudicación dependentes de un xuízo de valor) do Prego de cláusulas administrativas correspondente o subministro en réxime de alugamento de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico , do ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2.017-2.018 .

O apartado A.2 correspondese coa Calidade técnica das instalacións, dotación e eficiencia de motivos luminosos (avaliados ata un máximo de 12 puntos) .

Examinadas as ofertas informase o seguinte :

A oferta presentada pola empresa Creaciones Luminosas S.L , aínda que no apartado correspondente da memoria non presenta documentación algunha, as características técnicas principais dos produtos que ofertan descríbense na solución que ofrece , indicando principalmente as características das estruturas portantes , así como as básicas correspondente o fío luminoso, número de puntos por figura, dimensións, consumo eléctrico, número de puntos de iluminación etc.

A oferta presentada por Iluminaciones Santiaguesas , si presenta memoria de calidades técnicas, na cal ademais dos datos indicados na oferta anterior , completa e amplía os mesmos con maior información sobre o fío luminoso utilizado, cumprimento de normativas específicas, graos de protección e clase de illamento etc .

En ambas ofertas a información achegada e bastante precaria e insuficiente para alcanzar a puntuación máxima :

Tras o análise do seu contido a puntuación acadada en este apartado sería :

Creaciones Luminosas S. L.	3 Puntos
Iluminaciones Santiaguesas	6 Puntos

O apartado A.4 correspóndese coa Medidas complementarias de eficiencia enerxética ademais das esixidas (avaliábles ata un máximo de 5 puntos).

Examinadas as ofertas informábase o seguinte :

A oferta presentada pola empresa Creaciones Luminosas S.L , non presenta documentación algunha en este apartado .

A oferta presentada por Iluminaciones Santiaguesas presenta unha serie de medidas , das cales so pode considerarse dentro de este apartado como mellora , unha de elas, xa que as outras que indica xa son de obrigado cumprimento a través do Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumbrado exterior y sus instrucciones Técnicas Complementarias (RD 1890/2008) ademais dun correcto montaxe e mantemento .

A puntuación acadada en este apartado sería :

Creaciones Luminosas S. L. 0 Puntos

Iluminaciones Santiaguesas 1 Puntos

Os efectos oportunos .

Asdo. O Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal



Pedro R. Sánchez Mariño

Santiago de Compostela a 26 de Outubro de 2017